

Incendios e Economía Circular chegan a un cento de centros educativos galegos

O colectivo Galicia Ambiental, coa colaboración e financiación do “Festival de la Luz”, promove un ciclo de charlas educativas de temática medioambiental.

A organización recibiu un cento de solicitudes para 180 charlas divulgativas, o triple das inicialmente previstas.

Lousada (Guntín), Divino Maestro de Lugo e Solaina de Narón (este mañá mércores) inician o ciclo de charlas.

Galicia, 19 de febreiro de 2019

O proxecto Árbores de Cinza, impulsado polo colectivo Galicia Ambiental e que xurdiu logo dos incendios que asolaron Galicia en outubro do 2017, inicia unha nova etapa na que proseguir a labor de concienciación ambiental e reforestacións coas que nacera. Nos próximos catro meses, a iniciativa **Árbores de Cinza**, que conta nesta edición de 2019 co apoio económico do **Festival de la Luz (impulsado pola galega Luz Casal)**, estará en máis dun cento de centros educativos de toda Galicia, para sensibilizar ás xeracións máis novas sobre cuestións fundamentais na prevención dos incendios forestais que sistematicamente asolan os montes galegos.

Estas sesións formativas esténdense dende o mes de marzo ata xuño, e están adaptadas e dirixidas a dous niveis: escolares a partir dos 4 anos así como para os estudantes de máis idade dos centros de ESO e Bacharelato. Os centros Lousada (Guntín) e Divino Maestro de Lugo, así como o Solaina de (Narón) , este último no que este mesmo mércores se levará a cabo unha charla, son os puntos de partida, nos que se inicia o ciclo. Estas charlas están elaboradas en coordinación e baixo a supervisión do Centro de Extensión Universitaria e Educación Ambiental de Galicia (Ceida), garante de que os contidos están adaptados para esta franxa de idade e obxectivo previsto. As sesións corren a cargo de dúas mozas veciñas de Chandebrito, Paula e Ana Pérez que, ademais dunha función de educación ambiental e sensibilización, darán testemuño “en primeira persoa” das consecuencias dos lumes nun entorno rural.

Así, á hora de abordar a problemática dos incendios incídese en factores determinantes como o abandono do rural, a falta de tarefas de prevención ou a necesidade da recuperación de especies autóctonas.

Economía Circular

De xeito paralelo á sensibilización para a prevención dos lumes forestais, outra das temáticas que se abordan nestas sesións divulgativas, atendendo á solicitude que cada centro escolar realizou, céntrase na Economía Circular, o novo paradigma co que afrontar a produción de bens e servizos, con especial incidencia na xestión dos residuos dun xeito máis apegado á natureza e onde se procura completar o círculo e que non se desaproveiten nin malgasten recursos. Esta concepción vai moito máis alá do concepto reducionista das 3R, e propón abordar a cuestión dos residuos como parte dun ciclo no que aplicar a sustentabilidade ao uso e consumo dos recursos.

Estas sesións para dar a coñecer a Economía Circular e a Innovación Tecnolóxica encádranse dentro das accións que promove Galicia Ambiental, logo da súa selección e colaboración coa organización Advanced Leadership Foundation a través do promotor de Galicia Ambiental, Benito García, que en meses pasados, foi seleccionado como un dos “líderes” galegos do encontro formativo con representantes mundiais e despois actuar como “mensaxeiro” da importancia da Economía Circular e a Innovación Tecnolóxica.

Cinzas que son oportunidades

Esta iniciativa de divulgación e sensibilización, que chega agora a boa parte dos centros escolares galegos, comezou (aínda que de forma puntual) xa o pasado ano con sesións de divulgación en colexios da zona norte e centro peninsular. Porén, este novo calendario (desta volta aberto a todos os centros), á par de dar resposta a unha demanda detectada en meses pasados é unha oportunidade máis de contribuír á divulgación, sensibilización e recuperación daquelas zonas afectadas polos incendios, xa que as persoas encargadas de impartir estas sesións son dúas veciñas de Chandebrito que coñecen o impacto do lume de primeira man. De feito, o seu proceso de selección resultou logo dunhas sesións de divulgación ambiental e fomento de prácticas sostibles que se levaron a cabo neste municipio organizadas por Galicia Ambiental en colaboración co CEIDA.

Conscientes ademais de que o poboación feminina do rural é moitas veces a que sofre dun xeito máis silenciado as consecuencias dos lumes forestais, esta iniciativa buscaba ser tamén unha oportunidade laboral para este colectivo. Así, dúas veciñas do municipio serán as encargadas de ofrecer estas sesións divulgativas, logo de ter pasado por un proceso de formación complementario.

Árbores de Cinza 2019

O proxecto Árbores de Cinza, aborda nesta edición de 2019, a problemática dende tres liñas de actuación: as charlas en centros escolares, a realización de plantacións de reforestación con especies autóctonas en montes comunais e a creación dun Bosque da Memoria (centro de interpretación). Desta volta, as accións centraranse en áreas de Galicia Central, de xeito especial no concello de Boimorto onde se celebra o Festival de la Luz, impulsado pola galega Luz Casal e que destinou parte dos fondos recadados na edición de 2018 a apoiar o proxecto.

Sobre Galicia Ambiental

A asociación de profesionais ambientais Galicia Ambiental é o punto de encontro e defensa de intereses dos profesionais do sector medioambiental. O colectivo está aberto a todos aqueles profesionais independentes ou representantes de empresas, institucións, corporacións de dereito público, medios de comunicación... que desenvolvan a súa actividade neste ámbito.

O coñecemento, divulgación e posta en valor das boas prácticas ambientais de empresas, institucións ou persoas son algúns dos seus principais obxectivos.

Outro dos piares fundamentais da entidade é a denuncia, ante as administracións públicas ou de xustiza e corpos e forzas de seguridade do estado das prácticas ilegais ou lesivas co medio ambiente que se producen no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

ENLACES RELACIONADOS:

PROXECTO ÁRBORES DE CINZA: www.arboresdecinza.org

FESTIVAL DE LA LUZ: <https://www.festivaldelaluz.es/>

VIDEO ÁRBORES DE CINZA 2019:
<https://www.youtube.com/watch?v=EA5TYQlbrMY&t=56s>